

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 2 de xaneiro de 2014 pola que se anuncia a convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego nos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2013/14 (ED101C).*

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, en desenvolvemento das previsións dos artigos 3.2 e 148.1.17 da Constitución española e mais do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, establece a obriga dos poderes públicos de garantiren o uso normal do galego e do castelán (artigo 2), así como que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos (artigo 12).

Así mesmo, no artigo 14 da citada lei establécese expresamente que a lingua galega é materia de estudo obrigado en todos os niveis educativos non universitarios e que se garantirá o uso efectivo deste dereito en todos os centros públicos e privados. No parágrafo 3 do mesmo artigo encoméndaselles ás autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantir que, ao remate dos ciclos educativos en que o ensino do galego é obrigatorio, o alumnado debe coñecer esta lingua, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

Nesta mesma liña tamén se pronuncian a Carta europea das linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo Goberno español en 2001; o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004, e a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Deste obxectivo nace a necesidade de adoptar un conxunto de medidas de dinamización dirixidas á promoción da lingua galega nos centros educativos.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, sinala a necesidade de afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino. Pretende reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos e facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, afastado de usos sexistas e respectuoso coa situación sociolingüística na cal se enmarca cada centro. Con este obxectivo, a consellería competente en materia de educación establecerá un programa de actividades de fomento da lingua en cada centro educativo, no marco do seu proxecto lingüístico e coa participación de toda a comunidade educativa, con



especial atención ás liñas de actuación que permitan un incremento do uso do galego nas actividades extraescolares e complementarias.

O dito decreto regula, no artigo 15, a constitución dun equipo de dinamización da lingua galega para potenciar o uso da lingua galega nos centros educativos sostidos con fondos públicos, así como a súa coordinación a través das respectivas comisións que se constituirán en cada xefatura territorial de educación. Estes equipos terán un papel fundamental no deseño, na posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos, contarán co apoio técnico necesario e os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.

Daquela, e co fin de valorar e apoiar o labor dos equipos de dinamización da lingua galega dos centros de ensino, considérase necesario, igual ca en exercicios anteriores, convocar axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego. A achega económica que se lle asigne a cada proxecto determinarase segundo os criterios establecidos na convocatoria.

Neste caso, segundo o establecido no artigo 2.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as achegas económicas que se lles asignen aos proxectos con motivo desta convocatoria non terán carácter de subvención, ao tratarse de achegas monetarias a favor de entidades (os centros de ensino públicos) dependentes da Administración autonómica, destinadas a financiar actividades da súa competencia e impostas por unha norma emanada da propia Administración outorgante.

En consecuencia, e en virtude das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

Anunciar a convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego nos centros de ensino públicos de Galicia para o curso escolar 2013/14, segundo as seguintes bases:

##### 1. *Obxecto*

A presentación e a realización de proxectos de fomento do uso do galego nos centros públicos de ensino de Galicia, dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, promovidos polos equipos de dinamización da lingua galega e polo profesora-



do responsable do proxecto naqueles centros de ensino de menos de seis unidades, durante o curso escolar 2013/14, e o establecemento de axudas que apoiem o seu financiamento.

As axudas reguladas nesta orde concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Estas axudas serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados. En todo caso, a suma das contías recibidas non pode superar o 100 % do custo total das actividades do proxecto.

## 2. *Destinatarios*

Os centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensino regrado de nivel non universitario.

## 3. *Requisitos*

Os proxectos e as actividades desenvolvidos ao abeiro desta convocatoria, así como a memoria descritiva e xustificativa do gasto, deberanse presentar e desenvolver de acordo coa vixente normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego, fixada pola Real Academia Galega o 12 de xullo de 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo). Así mesmo, coidarán o respecto á toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 desta lei.

## 4. *Dotación orzamentaria*

O crédito destinado ao financiamento dos proxectos de fomento do uso do galego nos centros de ensino públicos ascende á cantidade de 300.000 euros, sen prexuízo de posteriores variacións que se poidan producir como consecuencia de modificacións orzamentarias. Este crédito financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.30.151A.640.4 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia de 2014.

## 5. *Presentación de solicitudes e prazo*

5.1. Os centros de ensino público de Galicia que desexen acollerse aos beneficios desta convocatoria deberán formalizar a súa solicitude no modelo normalizado que se publica como anexo I a esta orde.



5.2. As solicitudes dirixiranse á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da provincia que corresponda. Os formularios de solicitude, segundo o modelo ED101C, estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.es>, e na páxina web <http://www.xunta.es/linguagalega>, que permite cubrir e editar a solicitude.

5.3. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folia do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á do peche da convocatoria.

5.4. O prazo de presentación das solicitudes e da documentación sinalada na base sexta será dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

## 6. Documentación que se xuntará á solicitude

Á solicitude xuntarase a seguinte documentación:

6.1. Copia do proxecto asinado polo coordinador ou coordinadora do equipo de dinamización, co visto e prace do director ou directora do centro. O proxecto deberá analizar a realidade concreta do centro e, a partir dela, establecer os obxectivos e deseñar as actividades que permitan modificar a situación de partida. Desenvolverá os seguintes puntos:

a) Breve estudo sociolingüístico actualizado, en que se tocarán os seguintes puntos:

– O contorno sociolingüístico do centro.



- A situación do profesorado.
- A situación do alumnado.
- A situación lingüística do centro.

b) Descrición dos obxectivos adecuados a cada un dos catro puntos anteriores.

c) Descrición detallada das actividades de dinamización lingüística para cada un dos obxectivos propostos.

6.2. Cadro resumo das actividades asinado polo director ou directora do centro. No cadro teñen que constar de forma resumida a temporización, o nome da actividade, o/s responsable/s e o/s departamento/s a que pertence/n, as persoas destinatarias, así como o orzamento previsto. O modelo deste cadro resumo figura no anexo II desta orde.

## 7. *Procedemento*

Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, os gabinetes provinciais de normalización lingüística revisarán as solicitudes recibidas e a documentación achegada. No caso de que as solicitudes estean incompletas e de que conteñan erros ou de que non se achegue toda a documentación acreditativa dos requisitos exixidos por medio desta convocatoria, requiriranse as persoas solicitantes para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou presenten os documentos preceptivos, coa indicación de que, de non o faceren, se considerará que desisten da súa petición e de que se arquivará o seu expediente na forma e nos termos indicados no artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e consonte os artigos 59.6.b), 60 e 61 da Lei 30/1992, os requirimentos faranse mediante publicación na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <http://www.xunta.es/linguagalega>

## 8. *Análise e cualificación dos proxectos*

### 8.1. Comisións de cualificación.

Unha vez completos os expedientes administrativos, procederase á cualificación dos proxectos que resulten admitidos por seren presentados en tempo e forma. Para iso constituirase en cada gabinete provincial unha comisión provincial de cualificación encargada de cualificar os proxectos e, así mesmo, na Secretaría Xeral de Política Lingüística constituí-



rase unha comisión central de cualificación, encargada de homoxeneizar a aplicación dos criterios de valoración, así como de formular a proposta de resolución das axudas. Tanto as comisións provinciais como a Comisión Central de Cualificación deberán adaptar o seu funcionamento ao previsto nesta convocatoria e, supletoriamente, aos preceptos contidos no capítulo II, título II, artigos 22 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na sección terceira do capítulo I, título I da Lei 16/2012, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A) Comisións provinciais de cualificación. Co fin de cualificar os proxectos admitidos, constituirase en cada gabinete provincial unha comisión provincial de cualificación, que estará integrada por:

Presidencia: o xefe ou a xefa do Gabinete Provincial de Normalización Lingüística.

Vogais:

– O coordinador ou coordinadora provincial dos equipos de dinamización da lingua galega.

– Un/unha representante da Inspección Educativa, que será designado/a polo xefe ou xefa territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

– Un/unha especialista en planificación lingüística, designado/a pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Cando o número de proxectos o aconselle, poderán designarse ata tres especialistas máis por comisión.

– Un profesor ou profesora con experiencia nos equipos de dinamización da lingua galega, designado/a pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Secretaría: desenvolverá estas funcións un funcionario ou funcionaria do gabinete ou delegación territorial.

No seo das comisións provinciais poderanse constituír unha ou varias comisións técnicas para facilitar a análise detallada dos proxectos.

B) Comisión Central de Cualificación. Coa finalidade de homoxeneizar a aplicación dos criterios de valoración con anterioridade ao inicio das sesións das comisións provinciais, así como para formular a proposta de resolución das axudas, na Secretaría Xeral de Po-



lítica Lingüística constituirase unha comisión central de cualificación que estará integrada polos seguintes membros:

- Presidencia: o/a subdirector/a xeral de Política Lingüística.
- Vogais: os/as xefes/as dos gabinetes provinciais de normalización lingüística.
- Secretaría: un funcionario ou funcionaria da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeado polo secretario xeral de Política Lingüística.

Á reunión que a Comisión Central realice para homoxeneizar a aplicación dos criterios de valoración asistirán tamén o/a coordinador/a de cada comisión provincial, que se reunirán para a valoración en común de cinco proxectos de cada unha das provincias elixidos ao chou.

#### 9. *Criterios para a cualificación dos proxectos*

Para a concesión de incentivos de apoio ao financiamento dos proxectos de fomento do uso do galego, as comisións terán en conta fundamentalmente a calidade do proxecto e ponderarase o número de estudantes do centro.

9.1. A calidade do proxecto terá un peso do 80 %. Quedarán rexeitadas aquelas solicitudes que non reúnan un mínimo de 6 puntos nesta epígrafe. A porcentaxe do 80 %, correspondente á calidade, será puntuada de 0 a 24 puntos. As variables que se avaliarán coas respectivas puntuacións serán as seguintes:

a) Grao de implicación activa dos membros da comunidade no proxecto (pais/nais, profesorado de distintos departamentos, alumnado dos distintos ciclos, etapas e niveis, así como persoal de administración e servizos): de 0 a 3 puntos.

b) Viabilidade e adecuación do proxecto para incidir nos usos reais, orais e escritos, da comunidade educativa: de 0 a 3 puntos.

c) Grao no uso das competencias activas da lingua, con especial atención a aquelas que fomenten a oralidade: de 0 a 3 puntos.

d) Nivel de utilización das novas tecnoloxías: de 0 a 3 puntos.

e) Grao de colaboración con outras institucións, entidades ou asociacións externas ao centro, co obxectivo de potenciar o uso da lingua galega fóra do centro: de 0 a 3 puntos.



f) Grao de colaboración con outros centros educativos no deseño da planificación lingüística e/ou realización de actividades dinamizadoras: de 0 a 3 puntos.

g) Realización de actividades plurianuais: de 0 a 3 puntos.

h) Innovación e diversificación de actividades ao longo do curso, número e coherencia entre estas e os obxectivos correspondentes: de 0 a 3 puntos.

9.2. O número de estudantes terá un peso do 20 %. A cada centro concederánselle 0,30 puntos por cada 50 estudantes ou fracción, ata un máximo de 6 puntos.

#### 10. *Contías máximas por proxecto*

a) O financiamento máximo que poderán recibir os centros cunha matrícula superior a 50 alumnos e alumnas é de 800 €.

b) O financiamento máximo que poderán recibir aqueles centros con matrícula comprendida entre 25 e 50 alumnos e alumnas é de 300 euros.

c) O financiamento máximo que poderán recibir aqueles centros con matrícula inferior a 25 alumnos e alumnas é de 150 euros.

#### 11. *Criterios para a repartición das axudas concedidas*

Unha vez que as comisións provinciais avalíen e fixen a puntuación que ten cada proxecto, establécense os seguintes criterios para a repartición das axudas:

11.1. Distribuiranse 292.500 € da seguinte maneira: fixarase un valor económico por punto obtido nos proxectos e a multiplicación dese valor polo total dos puntos acadados por cada proxecto dará como resultado a contía económica da axuda que recibirá cada un.

11.2. A maiores, distribuiranse 7.500 € entre os proxectos dos centros cunha matrícula superior a 50 alumnos/as que acaden 22 ou máis puntos na epígrafe 9.1 (calidade do proxecto). Ningún centro poderá recibir máis de 300 € nesta distribución.

En caso de que non se reparta a totalidade desta contía, o remanente sumarase á cantidade prevista no punto anterior.

11.3. En todo caso, ningún proxecto poderá recibir unha axuda que exceda as máximas establecidas na epígrafe 10 nin o custo total do proxecto.





11.4. Tanto o establecemento do valor económico por punto obtido (11.1) como a distribución da cantidade prevista na epígrafe 11.2 serán fixados pola Comisión Central de Cualificación.

## 12. *Proposta de resolución*

Unha vez rematadas as sesións das comisións de cualificación, a Comisión Central elaborará unha proposta provisional de resolución, na cal se incluírá unha listaxe por provincias que indique a puntuación outorgada a cada proxecto, así como o financiamento asignado a cada centro, de acordo cos criterios sinalados na base anterior.

Esta proposta provisional farase pública na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística [www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega). Nela expresarase a contía proposta para cada proxecto admitido, así como as causas que determinaron a exclusión das restantes solicitudes. Os centros interesados disporán de 10 días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da data de publicación da proposta provisional, para formularen as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta ante a xefatura de Gabinete de Normalización Lingüística da provincia que corresponda, nos lugares e na forma indicados na base quinta da convocatoria. En todo caso, os centros que presenten alegacións enviaranlle un correo electrónico ao Gabinete de Normalización Lingüística da súa provincia, no cal indicarán o día en que presentaron a alegación e o motivo desta.

## 13. *Resolución*

Unha vez revisadas as reclamacións, a Comisión Central elevará a súa proposta definitiva ao secretario xeral de Política Lingüística, quen resolverá, segundo o disposto na disposición adicional da Orde do 25 de xaneiro de 2012, de delegación de competencias nos órganos superiores, directivos e periféricos, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 27, do 8 de febreiro). A resolución incluírá, por provincias, a relación de centros admitidos, con indicación da puntuación concedida e o financiamento definitivo asignado a cada proxecto, así como a relación de centros excluídos, con indicación das causas que determinaron a súa exclusión.

A resolución definitiva publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web [www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega), pola que se entenderán notificados para todos os efectos os centros de ensino interesados, sen prexuízo das notificacións individuais feitas aos centros adxudicatarios.

As solicitudes entenderanse rexeitadas se non se dita resolución expresa no prazo de catro meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no DOG.



#### 14. *Pagamento*

As cantidades asignadas a cada centro mediante esta convocatoria serán transferidas aos centros nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico de 2014, e poderá efectuarse a partir da resolución de adxudicación da convocatoria. Os centros docentes públicos deben incorporar ao seu orzamento as cantidades entregadas e xestionadas de acordo cos criterios previstos no Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía dos centros docentes públicos non universitarios.

Os centros deben destinar a totalidade do financiamento conseguido nesta convocatoria para a finalidade concreta para a que foi concedido, de acordo co proxecto achegado coa solicitude, e tomarase como período para efectuar o gasto e o pagamento das actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2014.

#### 15. *Xustificación do gasto*

15.1. A data límite para a xustificación dos gastos correspondentes aos centros que obtiveron financiamento mediante esta convocatoria para o curso 2013/14 é o 30 de xuño de 2014. Deberá presentarse ante os gabinetes provinciais de normalización lingüística da mesma forma que a sinalada no punto 5 da presente orde.

A xustificación incluíra a seguinte documentación:

a) Certificación xustificativa do gasto, segundo o modelo que figura como anexo IV, asinada polo/a secretario/a do centro educativo, na cal se certifique que a dotación económica foi utilizada para o destino concreto para o cal foi concedida, de acordo co previsto no artigo 15.4 do Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios (DOG núm. 67, do 4 de abril). Os xustificantes orixinais quedarán en poder dos centros á disposición dos órganos de control económico da Administración competente.

b) Relación numerada das actividades desenvoltas no proxecto co importe do gasto asociado e o material empregado, segundo o modelo do anexo V desta orde.

c) Unha memoria descritiva e gráfica. Nela aparecerán todas as actividades realizadas, detallaranse aquelas para as cales se concedeu a asignación económica e relacionarase cada gasto en que se incorreu coa actividade do proxecto a que vai imputado.

Esta memoria deberá dar conta dos cambios realizados con respecto á programación inicial e nela avaliarase, ademais, a consecución ou non dos obxectivos previstos e propoñanse actuacións de mellora para vindeiros proxectos.



d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes públicos ou privados, coa indicación do importe concedido e da súa procedencia, ou declaración de non ter solicitada ningunha outra axuda para a mesma finalidade, segundo o modelo do anexo III.

e) Poderase pedir calquera outra documentación complementaria que se considere necesaria para a xustificación.

15.2. A non entrega da memoria e/ou da certificación xustificativa do gasto no prazo sinalado poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas. O centro deberá reintegrar a cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan exixir. Da mesma forma, o incumprimento total ou parcial dos proxectos ou das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión poderá dar lugar á anulación ou á modificación da contía do importe concedido.

Así mesmo, no caso de que ao centro se lle conceda outra axuda ou subvención para o mesmo proxecto, o importe da axuda concedida con cargo á presente convocatoria minorarase cando a súa contía, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, supere o 100 % do custo das actividades do proxecto.

15.3. Aqueles centros que non xustifiquen os proxectos presentados ao abeiro desta convocatoria poderán ser excluídos da próxima convocatoria que realice a Secretaría Xeral de Política Lingüística para a mesma finalidade.

#### 16. *Seguimento e avaliación da realización dos proxectos*

O seguimento e a avaliación da realización dos proxectos de fomento da lingua galega que presenten os equipos serán realizados polos coordinadores e coordinadoras territoriais sobre a base das memorias de xustificación.

#### Disposición adicional primeira

Facúltase o titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións e as aclaracións necesarias para o desenvolvemento desta orde.



## Disposición adicional segunda

A presentación da solicitude comportará a autorización á Secretaría Xeral de Política Lingüística para:

a) Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas recibidas, así como ás sancións impostas cando proceda.

A reserva que o peticionario poida facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicación dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

b) De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral de Política Lingüística publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web.

## Disposición adicional terceira

Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2014

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria




**XUNTA DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**ANEXO I**

PROCEDEMENTO <b>FINANCIAMENTO PARA OS PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO NOS CENTROS PÚBLICOS DE GALICIA QUE IMPARTEN ENSEÑANZAS REGRADAS DE NIVEL NON UNIVERSITARIO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED101C</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b>							
RAZÓN SOCIAL						NIF	
<input type="text"/>						<input type="text"/>	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE			
<input type="text"/>			

<b>ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b> (non é necesario se coincide co anterior)							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

<b>DATOS BANCARIOS</b>							
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			

<b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA</b>				
Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.				
Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2º f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.				
<input type="radio"/> Que non solicitou nin lle concederon outras axudas para o proxecto obxecto da solicitude. <input type="radio"/> Que solicitou e/ou concedéronlle axudas ou subvencións dos organismos que se mencionan a continuación para o proxecto da solicitude.				
CONVOCATORIA <sup>(1)</sup>	ANO	ORGANISMOS	S/C/P <sup>(2)</sup>	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) Indicar a orde de convocatoria da axuda ou subvención para a cal se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.  
 (2) Indicar a situación actual da axuda: S (solicitada), C (concedida) e P (pagada).

<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN</b>	
<input type="checkbox"/> Anexo II	
<input type="checkbox"/> Copia do proxecto asinado polo coordinador ou coordinadora do equipo de dinamización, co visto e prace do director ou directora do centro.	

CVE-DOG: xt22gav9-3cr0-yox9-u5j5-3fqkmzyotl37


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**ANEXO I**  
**(continuación)**

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Secretaría Xeral de Política Lingüística publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.


**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 2 de xaneiro de 2014 pola que se anuncia a convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego nos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2013/14 (ED101C).

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de



Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de





**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## ANEXO II

## CADRO-RESUMO DA ACTIVIDADE

<b>DATOS DA ENTIDADE</b>		
NOME DO CENTRO EDUCATIVO		
<input type="text"/>		
NÚM. DE UNIDADES	NÚM. DE ALUMNOS/AS CURSO 2013/14	CÓDIGO DO CENTRO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS DO/DA COORDINADOR/A DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE			
<input type="text"/>			

**SOLICITA:**  
 Financiamento para a realización das actividades que se mencionan no proxecto que se xunta a esta solicitude, acolléndose ao disposto na Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego nos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de nivel non universitario, para o curso escolar 2013/14.

CANTIDADE SOLICITADA:

TEMPORIZACIÓN	TÍTULO ACTIVIDADE (incluídas as que non teñen custo económico)	RESPONSABLE/S E DEPARTAMENTO/S AO/S QUE REPRESENTAN	DESTINATARIOS/AS	ORZAMENTO	MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 


CVE-DOG: xt22gav9-3cr0-yox9-u5j5-3fqkmzyotl37



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO III

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO**

**DATOS DA ENTIDADE**  
NOME DO CENTRO EDUCATIVO  NIF

**DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE**  
NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF   
EN CALIDADE DE

**DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE**

- Que non solicitou nin lle concederon outras axudas para o proxecto obxecto da solicitude.  
 Que solicitou e/ou lle concederon axudas ou subvencións dos organismos que se mencionan a continuación para o proxecto da solicitude.

CONVOCATORIA <sup>(1)</sup>	ANO	ORGANISMOS	S/C/P <sup>(2)</sup>	IMPORTE (€)

- (1) Indicar a orde de convocatoria da axuda ou subvención para a cal se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.  
(2) Indicar a situación actual da axuda: S (solicitada), C (concedida) e P (pagada).

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data  ,  de  de



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>







## CERTIFICACIÓN XUSTIFICATIVA DO GASTO

## DATOS DA ENTIDADE

NOME DO CENTRO EDUCATIVO

NIF

## DATOS DO/DA SECRETARIO/A DO CENTRO EDUCATIVO

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

## CERTIFICO:

1º. Que o libramento de fondos efectuado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para o proxecto de fomento do uso do galego presentado polo centro, por unha contía de  euros, foi destinado na súa totalidade para os fins para os que foi concedido.

2º. Que as facturas e xustificantes de pagamento orixinais imputables ás actividades obxecto do proxecto quedan arquivados no centro á disposición dos órganos de seguimento.

## SINATURA DO/DA SECRETARIO/A DO CENTRO EDUCATIVO

Lugar e data

 ,  de  de 



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## ANEXO V

## CADRO-RESUMO DA ACTIVIDADE

## DATOS DA ENTIDADE

NOME DO CENTRO EDUCATIVO

## DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE

## CADRO-RESUMO DA ACTIVIDADE

TEMPORIZACIÓN	TÍTULO ACTIVIDADE (incluídas as que non teñen custo económico)	RESPONSABLE/S E DEPARTAMENTO/S AO/S QUE REPRESENTAN	DESTINATARIOS/AS	IMPORTE GASTO	MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

## SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 ,  de  de 